

no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, se poidan formular alegacións e presentar documentos en defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos.

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE	POLÍGONO E PARCELA	MONTE COMUNAL
ÁNGEL BANDE LÓPEZ	POL. 85 PARC. 254	CHAMOSO SAN ANDRÉS
PURIFICACIÓN LÓPEZ PENELA	POL. 146 PARC. 286 E 368	FARNADEIROS SAN ESTEBAN
MANUELA RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ	POL. 46 PARC. 213	QUEIZAN
SALETA SEIJAS REIJA	POL. 46 PARC. 212	QUEIZÁN
MANUEL FERREIRO CRUZ	POL. 160 PARC. 379, 386, 389, 393, 394, E 397	CELA
RAMÓN FONTEBOA DIAZ	POL. 46 PARC. 111	FONTEITA

O Corgo, 8 de setembro de 2017.- O alcalde, José Antonio Ferreiro González

R. 3355

FRIOL

Anuncio

A Xunta de Goberno na sesión celebrada o 6 de novembro do actual prestou aprobación ao Proxecto de "Mellora e mantemento de camiños municipais no Concello de Friol", redactado polo Enxeñeiro de Camiños Don Sergio Daniel Orosa López. O mesmo sométese ao trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións. De non presentarse en tempo e forma o proxecto entenderanse definitivamente aprobado.

Friol a 8 de novembro de 2017.- O Alcalde, José Angel Santos Sánchez

R. 3356

LUGO

Anuncio

Por Decreto do Libro Único de Resolucións número 17009711 asinado o día 07 de novembro pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico aprobouse, entre outros, a revisión de prezos para o ano 2018 das tarifas que rexerán nos tres aparcadoiros soterrados sitios nas prazas de Santo Domingo, Ferrol e Constitución, obxecto do contrato de concesión administrativa asinado coa empresa "Interparking Hispania, S.A. segundo segue:

Os primeiros 92 minutos de estancia	0,0297584 €/minuto
Resto (a partir do minuto 93)	0,0198391 €/minuto

Estas tarifas redondearanse ós 5 céntimos de € á baixa, e a partir das 11 horas 58 minutos ata as 24 horas (día completo), o prezo será de 15,15 €.

Lugo a 09 de novembro de 2017.- P.D. TENENTE-ALCALDE DA AREA, Ana Prieto Nieto

R. 3357

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

CORRECCION DE ERROS EN RESOLUCIÓN DA ALCALDIA DE DATA 5 DE OUTUBRO DO 2017 (BASES PROCESO SELECTIVO DE DOUS AXENTES DE POLICIA LOCAL).

Publicadas no BO da Provincia de Lugo de data 26/10/2017 nº 246.

En xunta de goberno local de data 6 de novembro de 2017 acordouse corrección de erros na resolución da alcaldía indicada.

De modo que onde dicía:

"1.1. Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos.

(...) As marcas máximas (en minutos) esixidas para a superación de la proba son:

Homes: 7,40'.

Mulleres: 8,20'."

" SEGUNDO EJERCICIO.

Coñecemento do idioma galego.

Os/as aspirantes que superasen o exercicio anterior e que non acreditasen estar en posesión do certificado de coñecemento da lingua galega CELGA 3 ou equivalente, deberán realizar unha proba de galego.

(...)Porén, ás persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega con carácter previo (anexo I, 4 da Orde do 16 xullo 2007, DOG do 30 xullo 2007, CELGA 3 ou equivalente) se lles dará por superada esta proba coa cualificación de apto."

Pase a dicir:

"1.1. Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos.

(...) As marcas máximas (en segundos) esixidas para a superación de la proba son:

Homes: 7,40.

Mulleres: 8,20."

" SEGUNDO EJERCICIO.

Coñecemento do idioma galego.

Os/as aspirantes que superasen o exercicio anterior e que non acreditasen estar en posesión do certificado de coñecemento da lingua galega CELGA 4 ou equivalente, deberán realizar unha proba de galego.

(...)

Porén, ás persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega con carácter previo (anexo I, 4 da Orde do 16 xullo 2007, DOG do 30 xullo 2007, CELGA 4 ou equivalente) se lles dará por superada esta proba coa cualificación de apto."

En Monforte de Lemos , 8 de novembro de 2017.- O Alcalde, José Tomé Roca

R. 3366

O VICEDO

Anuncio

De conformidade co acordo acadado pola Xunta de Goberno Local de data 9 de novembro de 2017, por medio do presente anuncio efectúase convocatoria do procedemento aberto, con multiplicidade de criterios de adxudicación, para a adxudicación do contrato de obras denominado **"MANTEMENTO E MELLORA DOS ACCESOS ÓS NÚCELOS DE MORGALLÓN, A PARDIÑEIRA E A FORQUETA"**.

1. Entidade adxudicadora: CONCELLO DO VICEDO

A) Dependencia que tramita o expediente. SECRETARÍA

B) Obtención de documentación e información:

1) Dependencia: Secretaría municipal

2) Domicilio: Travesía de Mariña, 57

3) Localidade e código postal: O Vicedo, 27860

4) Teléfono: 982590029

5) Telefax. 982590001

6) Correo electrónico: concello@concellodovicedo.org

7) Enderezo de Internet do perfil do contratante: <http://concellodovicedo.sedelectronica.es>